

CONCELLO PLENO **ACTA DE SESIÓN**

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2016/11
CARÁCTER: ORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 8 de novembro de 2016.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día **8 de novembro de 2016** réunese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)
D.Ana María Martínez Fernández.
Dona María Luz Alvarez Lastra
D. Vicente Castro Reigosa (excusa ausencia)
D.Xosé Farruco Graña Rama
Dona María Sonia Meilán Vizoso
D.David Rivas Peña
Dona María da Paz Ermida Igrexas (excusa ausencia)
D.Jorge Díaz Freije
Dona Vanesa Yanes Rivas

Por Partido Popular

D.Jesús López Penabad
Dona María Rosina Tosar López
D.José Juan Estevez Fernández
D. José María García Suárez

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D. David Fernández Feijoo
D^a Aurora González Ginzo

Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos

comprendidos na Orde do día:

De xeito previo o Sr.Alcalde excusa a ausencia dos Concelleiros do BNG que non asisten a esta sesión segundo se sinala ao comezo.

1.-EXPEDIENTE 708/2016 RELATIVO Á DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL SOBRE CUMPRIMENTO DE PRAZOS LEI 15/2010 (3T/2016)

A Corporación dase por enterada do Informe trimestral sobre cumprimento de prazos da Lei 15/2010 en relación ao 3º trimestre de 2016, que obra no expediente.

2.-EXPEDIENTE 708/2016 RELATIVO Á DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO, RD 635/2014 (3T/2016)

A Corporación dase por enterada do Informe trimestral sobre período medio de pagamento previsto no Real Decreto 635/2014, en relación ao 3º trimestre de 2016, que obra no expediente.

3.-EXPEDIENTE 3488/2016 RELATIVO A MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 16/2016.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de 3 de novembro de 2016, que se transcribe:

“Obra no expediente a Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 16/2016 do Orzamento Xeral do exercicio 2016 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na providencia de Alcaldía de inicio de data 24/10/2016 xustifícase o motivo da tramitación deste expediente no disposto no artigo 32.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e substentabilidade financeira, que sinala que no caso de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, como é o caso do Concello de Ribadeo, este destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda, polo que procedería amortizar, cando menos parcialmente, algunhas das operacións de crédito vixentes, para o que será precisa unha modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito.
- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de trescentos dez mil euros (310.000,00 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2015, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 31/03/2016. O importe en cuestión coincide aproximadamente co capital pendente a 31/12/2016 da operación asinada en 2013 co BANCO PUPULAR con nº 400678, incluída no plan de pagamento a provedores, e o motivo da elección é que é unha operación a tipo fixo, en concreto o 3,34%, o que no momento actual co EURIBOR en posicións practicamente negativas, fai que sexa a máis antieconómica das vixentes

Visto o informe de Intervención emitido o día 25/10/2016 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- Artigo 32 e disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario, que entre outros prevé a súa aplicación para atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior e á redución do endebedamento neto.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 16/2016 de modificación do Orzamento Xeral de 2016 por importe de trescentos dez mil euros (310.000,00 €), na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2015, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 16 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2016 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Altas nas partidas de gastos

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
011.91300.	Débeda pública. Amortización operacións de crédito a m/p e l/p	337.284,40	310.000,00	647.284,40
Total expediente de modificación de crédito 16/2016				310.000,00

Altas en conceptos de ingresos/Artigo 36 do Real decreto 500/1990

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais	153.868,97	310.000,00	463.868,97
Total expediente de modificación de crédito 16/2016				310.000,00

SEGUNDO. – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

Pola Alcaldía-Presidencia explícase á Comisión brevemente en que consiste a modificación orzamentaria.

Sometida a votación a Comisión por unanimidade dos seus membros presentes acorda ditaminar favorablemente a proposta sinalada para adopción do correspondente acordo polo Pleno Municipal.”

A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos membros presentes acorda prestar aprobación ao ditame mencionado nos seus propios termos.

4.-EXPEDIENTE 3517/2016 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 17/2016.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de 3 de novembro de 2016, que se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 17/2016 do Orzamento Xeral do exercicio 2016 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na providencia de Alcaldía de inicio de data 27/10/2016 xustifícase o motivo da tramitación deste expediente mediante unha relación das partidas do Estado de Gastos que precisan aumentarse, que en concreto son as que forman parte do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 03/2016, tendo en conta que a necesidade de maior consignación nas partidas en cuestión provén da obriga de recoñecer as obrigas de exercicios anteriores que se inclúen en dito expediente, que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, atendendo ao recollido no artigo 187 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 216.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de douscentos un mil setenta e seis euros e nove céntimos (201.076,09 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2015, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 31/03/2016.

Visto o informe de Intervención emitido o día 27/10/2016 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- Artigo 32 e disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario, que entre outros prevé a súa aplicación para atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 17/2016 de modificación do Orzamento Xeral de 2016 por importe de douscentos un mil setenta e seis euros e nove céntimos (201.076,09 €), na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2015, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 17 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2016 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

PARTIDAS DE GASTOS AFECTADAS.

PARTIDA	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
1623.22700	310.000,00	195.491,25	505.491,25
170.22706	16.000,00	1.004,00	17.004,00
231.22636	10.000,00	150,04	10.150,04
312.22103	10.000,00	3.660,00	13.660,00
920.22706	19.967,17	770,80	20.737,97
TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 17/2016			201.076,09

– FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE

ESTADO DE INGRESOS			
CONCEPTO	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	153.868,97	201.076,09	354.945,06
TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 17/2016			201.076,09

SEGUNDO. – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

Pola Alcaldía-Presidencia e Sr. Interventor explícase aos membros da Comisión Informativa, brevemente, en que consiste a modificación orzamentaria que ten relación co punto seguinte da orde do día relativo ao REC nº 03/2016.

Sometida a votación a Proposta de referencia, a Comisión por sete votos a favor (catro dos membros presentes do Grupo do BNG, 2 dos membros do Grupo Popular e un do membro do Grupo Socialista) e unha abstención do membro do Grupo Mixto, acorda ditaminar favorablemente mesma para adopción do correspondente acordo polo Pleno Municipal.”

A Corporación, en votación ordinaria, por catorce votos a favor (oito dos membros do BNG, catro dos membros do Grupo Popular e dous dos membros do Grupo Socialista) e unha abstención da concelleira do Grupo Mixto (Cidadáns) acorda prestar aprobación ao ditame mencionado nos seus propios termos.

5.-EXPEDIENTE 3512/2016 RELATIVO A RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 03/2016.

Dase lectura polo Secretario municipal ao ditame da Comisión Informativa de 3 de novembro de 2016 que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

En aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta ademais que, neste caso concreto, é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2016, aínda que se tramita en paralelo a modificación de crédito 17/2016 financiada con remanente de tesourería para non crear tensións no orzamento corrente:

Bolsa Vinculación	Denominación	C. Disponible 2016	Importe REC 03/2016
1.2	Servizos públicos básicos. Gastos en bens correntes e de servizos	621.029,85	196.495,25
2.2	Actuacións de protección e promoción social. Gastos en bens correntes e de servizos	25.801,54	150,04
3.2	Producción de bens públicos de carácter preferente. Gastos en bens correntes e de servizos	148.001,93	3.660,00
9.2	Actuacións de carácter xeral. Gastos en bens correntes e de servizos	120.346,95	770,80
TOTAL REC 02/2016			201.076,09 €

Visto e considerando o informe con reparos nº 143/2016 emitido polo Interventor Municipal de data 28/10/2016

Considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas e requiridas polo Concello de Ribadeo, foron executadas a satisfacción deste, e os seus prezos se axustan ao pactado e ao mercado, e non aprobalas suporía un enriquecemento inxusto para esta entidade.

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Resolver os reparos efectuados e aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 03/2016 por importe de **201.076,09 euros**, correspondentes aos gastos de

exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE
ECINOR,S.L.	Auditoria interna normas ISO 14001-EMAS E UNE 187001, fact.A189/15 de 06/07/2015, R.E. 14/10/2016.	1.004,00
MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN,S.L.U.	Recoñecemento medicos varios empregados, fact. VI 5746 de 07/08/2015, R.E. 15/04/2016.	770,80
DISTRIBUCIONES LOPEZ ABELLEIRA,S.L.	Suministro gasoil calefacción Hospital Asilo, fact. 003902 de 10/11/2015, R.E. 23/06/2016.	3.660,00
AURELIE PELLO	Cartel e deseño chapas cadea humana contra violencia de xénero, fact. 1 de 16/11/2016, R.E. 22/06/2016	150,04
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.	Tratamento R.U. Mes de xuño 2015, fact. 2015/1661 de 30/06/2015, R.E. 08/07/2015.	26.313,60
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.	Tratamento R.U. Mes de xullo 2015, fact. 2015/1874 de 31/07/2015, R.E. 11/08/2015.	31.111,80
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.	Tratamento R.U. Mes de agosto 2015, fact. 2015/2120 de 31/0618/2015, R.E. 09/09/2015.	35.326,20
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.	Tratamento R.U. Mes de setembro 2015, fact. 2015/2507 de 30/09/2015, R.E. 08/10/2015.	28.532,76
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.	Tratamento R.U. Mes de outubro 2015, fact. 2015/2786 de 31/10/2015, R.E. 23/11/2015.	25.947,06
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.	Tratamento R.U. Mes de novembro 2015, fact. 2015/3144 de 30/11/2015, R.E. 07/12/2015.	23.357,68
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.	Tratamento R.U. Mes de decembro 2015, fact. 2015/3488 de 31/12/2015, R.E. 11/02/2016.	24.902,15
TOTAL		201.076,09

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2016 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes, segundo o sinalado na relación de facturas 48/2016, mentres non sexa aprobado definitivamente no seu caso o expediente de modificación de crédito 17/2016, nas que se realizará a correspondente retención.”

Sometida a votación a Proposta de referencia, a Comisión por sete votos a favor (catro dos membros presentes do Grupo do BNG, 2 dos membros do Grupo Popular e un do membro do Grupo Socialista) e unha abstención do membro do Grupo Mixto, acorda ditaminar favorablemente mesma para adopción do correspondente acordo polo Pleno Municipal.”

Promóvese deliberación intervindo o Concelleiro do Grupo Popular Sr. López Penabad para manifestar que por responsabilidade e sentido común van votar a favor, como xa dixeron, pero debe indicar que o Sr.Alcalde minte cando dixo que eran facturas que entraran tarde.

O Sr.Alcalde manifesta que os papeis dín o que dín e que respecto de SOGAMA parecía xusto defender ao Concello e suscitáronse dúbidas polo que se demorou o pagamento e se entablou recurso. Tamén co SAF pasou algo parecido e ao final gañou o Concello.

Rematada a deliberación,a Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa transcrito anteriormente nos seus propios termos.

6.- EXPEDIENTE 3490/2016 RELATIVO A DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITO.

Dase lectura por Secretaría ao ditame da Comisión Informativa que se

transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcaldía-Presidencia que obra no expediente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o disposto no Plan económico financeiro aprobado polo Pleno da Corporación en data 26/10/2016, derivado do incumprimento da regra de gasto na liquidación do Orzamento Xeral da corporación para o exercicio 2015, que recolle entre as súas medidas a seguinte:

*“(…) enténdese que se debe tomar algunha das admisibles pola norma, para recuperar a situación de equilibrio, polo que se propón a **declaración de non dispoñibilidade de parte do crédito consignado e financiado coa operación de préstamo, por importe de 280.000,00 euros na partida 312.60900**”.*

Visto tamén o informe emitido polo interventor municipal de data 28/10/2016, que considera posible a adopción do citado acordo de non dispoñibilidade.

En virtude do exposto, en aplicación das competencias recollidas no artigo 33.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, veño a propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. – Declarar a non dispoñibilidade do crédito orzamentario das partidas do Orzamento Xeral de 2016 recollidas na táboa seguinte, por importe total de 280.000,00 euros, en aplicación do PEF aprobado polo pleno da corporación o día 26/10/2016:

PARTIDA	IMPORTE A DECLARAR NON DISPOÑIBLE
312.60900	280.000,00 €

Segundo. - Que se dea conta do presente acordo a Intervención para que proceda a levar a cabo as anotacións contables e orzamentarias correspondentes.”

Sometida a votación a Proposta de referencia, a Comisión por seis votos a favor (catro dos membros presentes do Grupo do BNG, un de dona Rosina Tosar López do Grupo Popular e outro do membro do Grupo Socialista) e dúas abstencións (unha de D.José Juan Estevez Fernández do Grupo municipal do PP e outra do membro do Grupo Mixto) acorda ditaminar favorablemente mesma para adopción do correspondente acordo polo Pleno Municipal.”

A Corporación, en votación ordinaria, por dez votos a favor (oito do Grupo do BNG e dous do Grupo Socialista), catro en contra (dos membros do Grupo Popular) e unha abstención da Concelleira do Grupo Mixto, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión informativa sinalado.

7.-EXPEDIENTE 3166/2016 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 11 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI).

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía-Presidencia que obra no expediente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Contas a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

A modificación da presente ordenanza, como se sinala na Providencia de Alcaldía de 25/10/2016 que inicia o expediente, refírese aos seguintes aspectos:

- Introducción dunha bonificación amparada no artigo 74.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 que aproba o Texto da Lei Reguladora das Facendas Locais, para os bens inmóbles urbanos situados nos núcleos rurais do Concello de Ribadeo recollidos no PXOM, con excepción dos relativos ao propio Ribadeo e Rinlo, que estean dedicados directamente a actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro ou forestal
- Adecuación do réxime da bonificación que xa se recollía para as familias numerosas á regulación contida na Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección a Familias Numerosas.
- A concreción do tipo de gravame do Imposto para os bens de características especiais, que no se recollía ata agora na ordenanza, polo que se tiña que empregar no seu caso o tipo supletorio recollido na lei, inferior ao dos inmóbles urbanos.

En consecuencia, despois de examinar o expediente tramitado para a modificación da ordenanza, visto o informe emitido polo interventor municipal de data 25/10/2016, enténdese que procede realizar unha modificación do texto da Ordenanza Fiscal en vixencia de acordo co exposto.

Tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

Os apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira.

Os artigos 15 a 19 e 59 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais, e os impostos obrigatorios

O artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro. - Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza fiscal I1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, quedando redactados os artigos modificados do seguinte xeito:

ORDENANZA FISCAL I1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBLES

Artigo 2º. Tipo de gravame.

- 1.** O tipo de gravame do Imposto para os bens de natureza urbana fíxase no 0,73 por 100.
- 2.** O tipo de gravame do Imposto para os bens de natureza rústica fíxase no 0,54 por 100.

- 3. O tipo de gravame do Imposto para os bens de características especiais fíxase no 0,73 por 100**

Artigo 3º. Bonificacións.

- 1.** Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 da cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figure entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación destas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que , en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

- 2.** As vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma gozarán dunha bonificación do 50 por 100 da cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva.
- 3.** Gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica titularidade de Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da terra, nos termos regulados no artigo 33.4 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de Cooperativas.
- 4.** Gozarán de bonificación os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual, e na que estea empadroado, coas seguintes características:

Categoría de familia numerosa (Lei 40/2003, de 18 de novembro)	% bonificación se valor catastral menor ou igual que 25.000 €	% bonificación se valor catastral entre 25.001 € a 40.000 €	% bonificación se valor catastral entre 40.001 a 55.000 €.
Xeral	35	20	10
Especial	50	35	25

Para a aplicación desta bonificación será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar:

- a) **O empadramento na vivenda de solicitude.**
- b) **A condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.**
- c) **Non superar a unidade familiar uns ingresos brutos de 55.000,00 €, o que se acreditará mediante a presentación das declaracións do IRPF ou certificacións de ingresos do último exercicio de tódolos integrantes desta que superen os 18 anos.**

Non se poderá aplica-la bonificación a máis dunha vivenda por titular.

- 5.** Para gozar da bonificación do número 1º deste artigo os interesados deberán solicitar a súa concesión acreditando os seguintes extremos:
- a) **A data de inicio e fin das obras de urbanización ou construción de que se trate, mediante certificado do Técnico-Director destas, visado polo Colexio Profesional.**
 - b) **Que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria, mediante a presentación de copia autenticada dos estatutos da sociedade.**
 - c) **Que o inmovible obxecto de bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante copia autenticada do último balance incorporado na declaración polo Imposto sobre Sociedades, no seu caso; ou certificación do titular ou Administrador da Sociedade.**

6. *De acordo co disposto no artigo 74.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 que aproba o Texto da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha bonificación do 90 por cento da cota íntegra do Imposto a favor dos bens inmobles urbanos situados nos núcleos rurais do Concello de Ribadeo recollidos no PXOM, con excepción dos relativos ao propio Ribadeo e Rinlo, que estean dedicados directamente a actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro ou forestal, sempre coa excepción da vivenda habitual.*

A bonificación outorgarase previa solicitude do interesado na que se fagan constar os seguintes datos:

- a. Nome e apelidos do titular do inmovible.*
- b. Indicación da parcela catastral.*
- c. Superficie dedicada a todos ou a algúns dos usos anteriores.*
- d. Xustificante de alta no IAE ou rexistro similar que acredite o desenvolvemento polo solicitante de actividades do sector primario que dean dereito á bonificación.*

Á solicitude acompañarase fotocopia do último recibo de IBI.

A resolución administrativa do expediente adoptarase previa inspección e informe dos servizos municipais, no que se faga constar a superficie do inmovible realmente dedicado aos usos indicados, e o cumprimento do resto de requisitos da bonificación.

7. *As bonificacións reguladas neste artigo son rogadas, polo que deberán ser solicitadas polo suxeito pasivo do Imposto que, en todo caso, non poderá alegar analoxía para estende-lo seu alcance mais aló dos termos estritos en que figuran recoñecidas.*
8. *O efecto da concesión de bonificacións producirase a partir do exercicio seguinte á data de solicitude e non terá carácter retroactivo*

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos modificados da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a citada publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.”

A Comisión informativa por cinco votos a favor (catro dos membros presentes do Grupo do BNG, e un do membro do PSG-PSOE) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Grupo mixto) acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente nos seus propios termos para adopción do correspondente acordo polo Pleno Municipal.”

Iníciase a deliberación intervindo diferentes Concelleiros. Por parte de Dona Marta Sainz maniféstase a abstención do seu Grupo.

Por parte do PSG-PSOE a Concelleira Sra.Ginzo González agradece que se trouxera ao Pleno e sinala que botan de menos a cuestión relativa aos pagos fraccionados.

Polo Grupo Popular o Sr.López Penabad manifesta que lle parece interesante, tamén os puntos sinalados polo PSOE e adianta que votarán a favor.

O Sr.Alcalde refírese ao intento que se fixo para fraccionar os pagamentos pero que se viu complicado e respecto do valor catastral sinala que existe un incremento aproximado dun 11 por cento. Indica que a ponencia de valores é de 1999.

Rematada a deliberación, a Corporación, por catorce votos a favor e unha abstención do Grupo Mixto acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos propios termos do mesmo.

8.-EXPEDIENTE 3078/2016 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRAZA DE ABASTOS, MERCADIÑOS E VENDA AMBULANTE NO TERMO MUNICIPAL DE RIBADEO.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta de modificación da Ordenanza de referencia, que se transcribe:

“PROPOSTA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DA PRAZA DE ABASTOS E MERCADOS.

No referente ao título cuarto: Mercadiños ocasionais e artigo 20^o : mercado de creador@s e artesanía da Rúa Rodríguez Murias (Modificado no B.O.P. 121 27/05/2016) **MOTIVACIÓN** Atendendo as particularidades do mercado; un mercado de rúa e considerando as condicións climatolóxicas en época de inverno, considerando ademáis a escasa afluencia de público e escasa demanda nos mercados de rúa en determinadas épocas do ano. Tendo en conta que en determinadas épocas os participantes do devandito mercado non acoden derivando nunha falta de homoxeneidade e repercusión deste mercado ubicado na Rúa Rodríguez Murías. Atendendo a demandas da maioría dos participantes no mercado e sendo conscientes da experiencia dos mesmos. Este servizo propón incluír as seguintes modificacións no artigo nº20 no que se refire ás normas de funcionamento: Os horarios de funcionamento do devandito mercado serán como se recolle a continuación:

- 1) Do 1 de xullo ao 15 de setembro con periodicidade diaria, de 12:00h a 00:00h
- 2) Do 16 de setembro a 6 de xaneiro e do 1 de marzo ao 30 de xuño , fins de semana (Sábados e Domingos) e festivos.
- 3) Do 7 de xaneiro ao 28 de febreiro ou 29 de febreiro en caso de ano bisesto, o mercado non estará en funcionamento.

Quedando a redacción final, tal e como se recolle a continuación:

Artigo 20º. MERCADO DE CREADORES E ARTESÁNS DA RÚA RODRIGUEZ MURIAS.-

Con carácter concreto establecerase un mercado de artesanía dirixida a persoas artesáns e creadoras que acrediten que as pezas a expoñer son de autoría propia e que se desenvolverá na Rúa Rodríguez Murías,segundo plano aprobado a tal efecto. As autorizacións serán de xeito anual, cada 1 de xaneiro , as taxas se regularán segundo a Ordenanza Fiscal T19 no seu artigo 5.3 , liquidándose mensualmente segundo o que se establece para o mercado dos mércores.

As solicitudes realizáranse no mes de outubro de cada ano , en modelo normalizado expresando o obxecto de venda, a prelación de asignación de postos vacantes , podendo admitirse solicitudes durante a tempada cando existan postos libres. Á solicitude xuntárase:

- a. Tarxeta de venda ambulante expedida pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia ou documentación acreditativa de atoparse de alta no epígrafe correspondente do IAE e a Seguridade Social, así coma os documentos acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias e de Seguridade Social.
- b. Fotocopia do D.N.I.
- c. Fotografías tamaño carné (1 foto)
- d. Estar ao corrente coa Tesourería municipal
- e. 1 Fotografía do posto
- f. Declaración expresa de que os produtos expostos ao público son de autoría propia
- g. Memoria explicativa dos produtos a vender, materias primas e proceso de elaboración, acompañado de documentos gráficos.
- h. Un seguro de responsabilidade civil.

Normas de funcionamento Os horarios de funcionamento do devandito mercado serán como se recolle a continuación:

- ▣ Do 1 de xullo ao 15 de setembro con periodicidade diaria, de 12:00h a 00:00h.
- ▣ Do 16 de setembro a 6 de xaneiro e do 1 de marzo ao 30 de xuño , fins de semana (Sábados e Domingos) e festivos, de 12:00h a 00:00h
- ▣ Do 7 de xaneiro ao 28 de febreiro ou 29 de febreiro en caso de ano bisesto, o mercado non estará en funcionamento.

Atendendo a excepcionalidade de datas do Nadal e outras festividadeas o Concello poderá ampliar estas datas. (.....)

Terán preferencia na asignación e autorización de postos, en caso de recibirse máis solicitudes que postos antes do inicio da tempada, os titulares de autorización da tempada inmediatamente anterior que tiveran aboadas as taxas correspondentes.”

O Sr.Alcalde cede a palabra á Concelleira delegada de desenvolvemento local e turismo Sra. Martínez Fernández que explica aos membros da Comisión a modificación que se propón nesta Ordenanza municipal.

A Comisión informativa por unanimidade dos membros presentes acorda ditaminar favorablemente a proposta transcrita anteriormente nos seus propios termos para adopción do correspondente acordo polo Pleno Municipal.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa e na súa consecuencia:

Primeiro: Prestar aprobación provisional á modificación da Ordenanza nos termos indicados.

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción do artigo modificado da Ordenanza durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a citada publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da modificación desta Ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

9.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE 1 DE SETEMBRO E 15 DE OUTUBRO DE 2016 (EXPEDIENTE 1796/2016) . ROGOS E PREGUNTAS.

DECRETOS DITADOS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

A Corporación quedou enterada dos Decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia entre o 1 de setembro e o 15 de outubro de 2016.

ROGOS E PREGUNTAS.-

DO GRUPO MIXTO.-

A Concelleira D^a Marta Saiz García, comenta que dende a rotonda do barco ata Dompniñor faría falta máis iluminación e pregunta se teñen pensado en organizar o tráfico na zona, marcar mellor os pasos de peóns e se consideran que a zona de detrás do Mercadona está adaptada dende a súa apertura, xa que agora aumentou o tráfico.

Referente ao tema do botellón, di que é un tema social co que se deberían tomar medidas serias xa que están en zonas públicas bebendo menores, e que habendo menores é máis importante. Opina que lle hai que facer fronte.

Respecto a un dumper que colleron sen seguro, pregunta como foi o tema.

O Sr. Alcalde, respecto á iluminación, di que é susceptible de mellorar e que lle sona que o Concelleiro Castro Reigosa dixo no anterior pleno que as fan mellorar.

Intervén o concelleiro Sr. Graña Rama que indica que habería que baixar as luces

O Sr. Alcalde di que xa houbo queixas o inverno pasado porque as follas das árbores as tapaban, polo que é un pouco lioso buscar a solución. Di que intentarán aumentar a potencia das luces existentes.

Referente ao tráfico, di que tiveron que aguantar moito para que se puxese a liña discontinua e que fixeron beirarrúas. Opina que a entrada ao supermercado podía estar mellor, pero que as entradas e saídas do supermercado Mercadona están correctas legalmente. Recoñece que este supermercado atrae máis tráfico e por iso lles pediron aos donos que amañasen o viario da parte de atrás do aparcamento para ter outra saída e regular o tráfico; que dende a empresa lle pediron ao concello que se ocupase de facer o arranxo, que eles o pagaban e así o fixeron; que agora están en proceso de adxudicación e que próximamente comezarán as actuacións no viario.

Explica que non se pode ampliar máis a vía e que urbanísticamente iso é un polígono; que si se quere ampliar o teñen que facer os particulares, que eles so poden actuar no que é público. E opina que coas actuacións non vai haber problemas co tráfico para os veciños.

Sobre o da liña contiua, di que é urbana e que están a valorar o reducir a velocidade ou poñer un paso elevado, xa que lle lo recomentan técnicamente.

Sobre o dumper, di que entende que non foi porque non tiña seguro, se non que foi porque con él se produceu un dano a un terceiro; que todos os vehículos teñen seguro.

A concelleira Sr. Saiz García manifesta que a súa pregunta ven por un titular da prensa.

O Sr. Alcalde explica que fai tres anos tiveron unha denuncia da Garda Civil porque a barredora non tiña seguro nin ITV, pero que iso era porque era un vehículo industrial e en teoría non era obrigatorio. Explica que ante a dúbida se pasou a ITV e que a sanción polo seguro nunca se chegou a impoñer porque quedou xustificado.

Comenta que houbo algún caso de non ter ITV ou casos de conductores que foron sen vehículos, pero que para solucionar se enviou ao persoal unha circular para que se fagan cargo de ser responsables ao volante e de ter ao día a ITV.

Referente ao botellón, di que xa se falou diso no pleno anterior e que non vai seguir comentando o tema.

DO GRUPO DO PSG-PSOE.-

A Concelleira Dona Aurora González Ginzo indica que tamén ve problemas na circulación da zona do Mercadona e que tamén ve acertado poñer a liña continua para obrigar aos vehículos a ir dar a volta á rotonda.

Referente ao tema do Exército, pide que si se volven facer maniobras no Concello non se lle esixa pago da auga nin do lixo debido á labor que realizan, que non é privada se non para todos. Indica que hai a outras sociedades e colectivos que non se lles cobran por usar locais municipais, polo que ahí está a igualdade.

Tamén pide que se graben os plenos para que estean a disposición dos veciños e que se axilice o pago das subvencións, que debido a iso obrigan a certas asociacións a demorar o pago aos seus provedores.

Explica que tamén lles pediron máis potencia de electricidade para a escola de Couxela e indica que ela estivo nunha reunión e puido observar que non había potencia para encender un calefactor e a luz.

Indica que fora do almacén de Vilaselán hai unhas contenedores vellos e sen limpar que dan mala imaxe e cheiros desagradables para os veciños.

Por último, pide que se poña a calefacción para o próximo pleno e indica que nos concertos de rock que houbo en setembro, se cambiaron as datas e que houbo símbolos da apoloxía política que estaban de máis.

O Sr. Alcalde manifesta que na Avda. da Ría de Ribadeo non van a poñer liña continua, xa que houbo moita polémica para que se puxese discontinua, que se queren que lle expliquen iso aos veciños.

Respecto do exército, di que non sinte que se necesite protección militar, e que se volven pagarán polo que consuman; indica que Sogama lle cobra ao Concello, e que eles cobraran pola auga e lixo de 450 persoas.

Referente á grabación dos Plenos, di que o están mirando e que últimamente xa se fixeron moitos avances e melloras.

Do tema das subvencións, indica que lle gustaría axilizar o pago, que él está sempre encima do Interventor, pero que éste ten os seus argumentos; indica que intentan axilizalo.

Sobre a escola de Couxela, di que o miraran; respecto aos contenedores vellos explica que non sabe o que pasa; indica que poñerán a calefacción no próximo Pleno e que non sabe o que pasou nos concertos de rock.

Don Xosé Farruco Graña Rama, concelleiro delegado de Cultura, indica que se soupese que ían cambiar as datas o comunicaría con tempo e que foi unha coincidencia que fose coas datas das eleccións. Respecto as bandeiras, indica que non foi ninguén do concello, que é responsabilidade persoal de cada un; indica que non houbo ningún delito. Opina que a actuación foi normal e que a xente o pasou ben.

Dona Aurora González Ginzo sorpréndese de que o Sr. Alcalde diga que non precisamos que nos defenda o Exército e opina que colaboran noutras labores como extinción de incendios ou búsqueda de persoas.

O Sr. Alcalde di que iso non ten nada que ver con cobrarlle os gastos ao Ministerio de Defensa, que está a terxiversar as cousas.

A Concelleira dona Aurora González pregunta se tamén se lle cobra ás asociacións.

O Sr. Alcalde di que non ten nada que ver unha asociación co exército.

Dona María Luz Álvarez manifesta que unha asociación se reúne un día nun local e que non fan gasto, que non ten nada que ver. Dona Aurora González di que gastan luz e calefacción.

Dona María Luz Álvarez di que iso non é equiparable.

O Sr. Alcalde indica que está orgulloso do que fixo, que cando volva o Exército será ben recibido e que se lle vai seguir cobrando o que consuma

Respecto dos cursos de formación para o emprego, Dona Aurora González indica que non serve de moito preparar á xente se non hai emprego e pregunta que tipo de acción está a facer o equipo de goberno para cumprir a promesa de creación de emprego do seu programa.

O Sr. Alcalde contéstalle que intentan facer un Ribadeo máis atractivo en todos os aspectos, tanto en comercio, servizos ou sector primario. Indica que fan pequenas pinceladas, como baixar o IBI do sector primario; no comercio fanse actividades culturais e de igualdade para que Ribadeo sexa atractivo e a xente veña; explica que tamén se están a facer actividades formativas e opina que non o están a facer máis.

Dona Ana María Martínez Fernández manifesta que non son magos, que se non solucionarían todos os problemas e opina que a formación nunca está de máis, independentemente de que haxa pouco emprego. Di que intentan acentuar onde poden e donde teñen capacidade para facelo el que este ano por fin se ten un obradoiro de emprego.

Explica que a cuestión non é crear emprego, se non formar e axudar á xente a buscar unha saída laboral con dignidade.

Dona Aurora González recrimina que no programa do BNG fan varios puntos sobre creación de emprego.

Respecto ao tema da mobilidade das persoas, Dona Arurora González di que hai unha normativa que di que hai que crear prazas de minusválidos ao lado da vivenda e do traballo destes e tamén unha por cada 40 prazas normais. Pregunta se o Concello cumpre coa normativa.

O Sr. Alcalde di que iso non o pode contestar que non o sabe, pero indica que xa se fixeron últimamente cambios na adaptación da mobilidade e de aumento de prazas de minusválidos.

Dona Aurora Gonzalez di que hai un problema coas persoas que teñen unha mobilidade reducida temporal, como no caso de quen rompe unha perna e ten que ir en muletas ou cadeira de rodas; indica que cando teñen que acudir ao centro de saúde non pode obter a tarxeta de discapacitado con mobilidade reducida antes de que remate a situación, polo que non poden usar as prazas de aparcamento para minusválidos. Pregunta se o Concello pode dar algunha solución.

O Sr. Alcalde explica que legalmente non é posible tar tarxetas temporais para usar esas prazas; di que xa houbo decisión sobre ese tema e que o problema é xestinar a quen se lle concede iso, a validez, prazo, etc... pero que non é posible dunha zona hora xa que poden usar a Praza de Abastos para aparcar. Opina que salvo en algún día puntual en verán, non hai problema de aparcamento e que legalmente non se pode crear unha zona de aparcamento para persoas que estén temporalmente enfermos.

Dona Aurora González di que ela comenta este tema porque llo preguntaron, que non é por outro tema.

O Sr. Alcalde contéstalle que o outro día tivo que levar a Vicente Castro ao Centro de Saúde e

que non aparcou mal.

A Concelleira sinala que el si que ten problemas, xa que ten que levar unha señora maior e teñen que ir dúas persoas, unha para baixala e outra para ir aparcou, xa que xa foi multado con 80 € por aparcou mal.

O Sr. Alcalde di que hai moita xente que se queixa das multas e se excusa en que foron dous minutos. Explica que non hai ordenanza municipal, que é o ordenamento de circulación.

Dona Aurora González di que o Centro de Saúde está no centro do pobo

O Sr. Alcalde contéstalle que iso é unha sorte, pero que ten a desvantaxe do tráfico.

Dona Aurora González di que este caso llo comentou alguén que rompeu unha perna e que lle costaba desplazarse. Que tamén sabe casos de persoas maiores.

O Sr. Alcalde manifesta que esa persoa, ao ir acompañada por outra, o conductor pode deixalo diante da porta e logo ir aparcou, que solucionar o aparcamento na zona é complicado.

Dona Aurora González pregunta se a Policía está a controlar o uso correcto das prazas de minusválidos.

O Sr. Alcalde di que entende que si, xa que un turista minusválido se queixou este verán por ser sancionado en zona azul alegando que non tiña por que pagar.

Dona Aurora González di que os minusválidos están exentos de pagar a zona azul.

O Sr. Alcalde di que non é certo, que o miraron na normativa e que non está.

Dona Aurora González di que veu na web do Concello que se van iniciar as obras en San Roque, entre Calvo Sotelo e Rosalía de Castro; pregunta cando se van iniciar no resto da Rúa San Roque.

O Sr. Alcalde contéstalle que cando teñan diñeiro.

Dona Aurora González pregunta cales son as actuacións que se van facer nesas ruas.

O Sr. Alcalde explica que a Rúa San Roque é moi longa e que se ten que amañar por tramos, pouco a pouco e según se vaia tendo diñeiro. Di que diante do Cine Teatro están a arranxar o pavimento que se foi estropeando polo paso do tempo; reitera que hai que ir arranxando pouco a pouco e explica as novas actuacións que están previstas.

Dona Aurora González opina que hai zonas da Rúa San Roque que percisaban máis ser amañadas.

O Sr. Alcalde contéstalle que teñen que ir da afeito e que cando se faga en San Roque ten que ser de xeito integral. Explica que é consciente das deficiencias que hai.

Dona Aurora González pregunta se seguen a estudar o tema dos parques para cans ou se xa tomaron algunha decisión.

O Sr. Alcalde dille que hoxe non está a Concelleira e que todo o que non saia é que está en estudo.

Dona Aurora González di que o Grupo Socialista falou do problema que hai no parque, debido a que ao xogar ao fútbol os nenos ao lado da igrexa os balóns acaban na zona do parque onde xogan os nenos; indica que se propuxo poñer unha protección e di que quere saber como está o estudo desta medida. Propón poñer paneis transparentes.

O Sr. Alcalde contesta que non o ve factible e que está seguro de que Patrimonio non vai deixar poñelo. Explica que ese terreo pertence ao Obispado.

Dona Aurora González pregunta se non é do Concello a zona do parque.

O Sr. Alcalde di que esa zona si

Dona Aurora González aclara que ela propón poñer as proteccións na zona do parque.

O Sr. Alcalde comenta que hai tempo lle propuxeron poñer barrotes altos para que os balóns

non vaian ás terrazas dos bares e opina que non está ben valar todo.

Dona Aurora González dubida de que os balóns cheguen aos bares.

O Sr. Alcalde reitera que si que chegan e que recibeu queixas da xente; tamén explica que hai un cartel que prohíbe xogar á pelota.

Di que tivo unha reunión coa policía polo tema do botellón e que lle propuxeron multar a todos os nenos que andan en bicicleta, que teñen menos de 14 anos e non levan casco, xa que normativamente non poden ir sen el. Opina que se multan a alguén se vai montar e que se cae un neno e se manca tamén.

Dille que o seu rogo de poñer as proteccións non o ve factible.

Dona Aurora González pregunta se se pode estudar entón facer unha zona para que os nenos poidan xogar ao fútbol.

O Sr. Alcalde di que xa invertiron 140.000 € en amañar o parque, que xa existe unha zona de xogo importante, que se poñen as canastas no Cantón parte do ano e que tamén tiveron porterías. Reitera que non lle parece ben emparedar o parque.

Dona Aurora González di que estaba a propoñer facer unha zona de xogo e recoñece que o parque está moi ben, pero opina que para os nenos máis maiores o parque se queda infantil.

O Sr. Alcalde di que non fai maxia, que intenta facelo o mellor que pode e fai sarcasmo con expropiar edificios para facer o parque.

Dona Aurora González pídelle que non ridiculice a súa proposta

O Sr. Alcalde recrimínalle o tipo de proposta que fai e di que non se pode executar o que ven previsto no plan de forma inmediata. Explica que todo o mundo quere unha zona céntrica para os nenos, pero que hai que ver si se pode mercar e como. Indica que van estudar o tema.

Dona Aurora González pregunta se está previsto arranxar a pista que vai ao punto limpo.

O Sr. Alcalde di que non está o Concelliro, pero que pensa que si. Di que as obras deste programa están paradas pola choiva, pero que se non vai neste programa estará no seguinte.

DO GRUPO POPULAR.-

O Concelleiro do Grupo Popular D. José María García Suárez, refírese ao tema do botellón, opina que hai moitos menores e que pensou que ía ir a menos ao rematar o verán. Explica que este fin de semana había moita xente en distintas zonas facendo botellón e que é consciente das dificultades que teñen coller a menores bebendo. Manifesta que a responsabilidade é dos país, pero que tamén habería que intentar regulalo cunha ordenanza.

Comenta que hai casos nos que aos menores non se lles permite beber, pero que noutros si e que incluso éstos insultan aos que non beben.

Explica que o problema e mirar cal é a forma na que se pode intervir, xa que a un menor non se lle pode mandar soplar nun alcoholímetro. Que incluso hai país que amenazan con denunciar ao Concello por deter ao fillo, cando en verdade tiñan que denuncialos a eles.

Reitera a súa petición de que se faga algunha ordenanza e di que xa existen campañas para concienciar aos país. Como pai comenta que é consciente do que fan os menores e que o problema vai a maior; indica que se refire a nenos de 12 ou 13 anos, incluso con casos de coma etílico, cousa que non se publicita.

O Concelleiro indica di que un grupo de veciños recolleu firmas sobre o tema de excrementos dos cans e que as entregaron en agosto no Concello, da cal non recibiron resposta. Pregunta o motivo de que non lle contestasen.

O Sr. Alcade resposta, en relación ao tema do botellón que falou ca policía e que son

circunstancias que están no debate social, e non so en Ribadeo. Di que é consciente de que hai botellón e que a policía lle transmiteu que están preocupados polos menores e pola limpeza; que falan coa xente que fai botellón e lle indican que teñen que recoller, pero que nun espazo público non se pode facer o mesmo que fai a Policía Autonómica nun bar privado, xa que non está prohibido beber na vía pública a menos que molestes a alguén.

Comenta que o tema dos menores é mais complicado, xa que non se lle pode privar de estar na vía pública; se o collen bebendo si que se denunciará a quen proceda, pero que non é tan fácil. Indica que a policía vai intentar redoblar os esforzos e explica que é unha tarefa de todos, de Garda Civil, profesores, centros, pais, etc.

Pon o exemplo dun caso que pasou o outro día, cando a Policía Local denunciou a alguén por estar "orinando" na rúa. A denuncia mandouse á Subdelegación do Goberno, recibindo a resposta desta administración na cal lle decían que se se fixera un destrozo procedería a denuncia por infracción da Lei de Seguridade Cidadá, pero que neste caso non. Opina que así desacreditan a actuación da policía e reitera que non é un tema fácil nin este, nin o do botellón nin o do tema dos excrementos dos cans, xa que os hai que coller no momento.

Referente ao botellón e as cagadas dos cans, reitera que é un tema difícil, que se fose fácil xa o terían feito e que intentarían mellorar todo o que poida.

Don José María García di que si propón o tema de normativizalo é para que os axentes da Policía Local teñan un respaldo e se poidan conseguir resultados e que se poñan sancións para cortar esas actuacións.

O Sr. Alcalde comenta que isto é como na educación, cando lle botan a culpa aos Mestres e en verdade é cousa dos pais, polo que un pai ten que ver se o seu neno está fora da casa as 12 da noite e non é só culpa da Policía.

Dona María Luz Álvarez explica que dende os Servizos Sociais do Concello se dan charlas nos colexios e que incluso se fixo unha escola de pais, a cal se anulou debido á baixa asistencia dos pais. Indica que no ámbito educativo se está a intervir, pero que as familias teñen que asumir a súa parte de responsabilidade e di que incluso veu a nais e pais poñendo a mexar os nenos na rúa. Opina que non lle están a ensinar civismo aos nenos e que hai casos nos colexios nos que os nenos non usan os baños e mexan nos patios porque é iso o que aprenden na casa.

Explica que se os pais non se queren formar nin implicar, ata que chegan casos extremos nos que incluso os pais chegan a solicitar probas de adiccións dos nenos.

Don José María García dalle a razón e di que hai pais que xustifican que os seus fillos estén bebendo na rúa.

Dona María Luz Álvarez di que incluso hai nais que lle fan o botellón aos nenos excusándose en que prefiren saber o que beben e opina que iso é unha vergoña.

O Sr. Alcalde di que a Policía Local, dentro das súas competencias, non deixaron o tema de lado e que van redoblar os esforzos.

Don José María García di que non é culpa da Policía.

Dona María Luz Álvarez di que lle consta que nos centros educativos se implican e chaman á Garda Civil cando sospeitan de algún tema de trapicheo.

Don José María García opina que é un problema de todos e un problema que vai en bola, porque se a un neno non lle deixan saír outros se van meter con eles por ese motivo.

Por último o Concelleiro Sr. López Penabad, roga que se poñan máis prazas de aparcamento na zona do Xardín e se delimite con bolardos, nas vivendas sociais, para que deixen libre a entrada dos garaxes.

O Sr. Alcalde di que xa falou dese tema coa policía.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e vinte minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,

Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE